

María Santomé Torres

María Santomé, coñecida como Maruja, comezou a traballar desde moi nova, cando acompañaba súa nai a Carballedo para comprar as tetillas que despois vendían.

Non ben nacido o día, Maruja e súa nai atravesaban o monte para chegar ao seu destino. Co tempo, e debido a unha enfermidade de súa nai, foi Maruja quen colleu o relevo no oficio. Acompañada dun irmán, por aquilo de non ir soa e non pasar tanto medo, saían de noite, sobre as catro da madrugada. Naquel entón, Maruja tería sobre 14 anos e facía uns 20 quilómetros a Carballedo e outros 15 quilómetros máis a Valongo, a zona máis alta de Cotobade. O camiño era duro pola orografía do terreo, pero non só:

“E despois cos rapaciños, cos dous máis novos; meus irmanciños! Que ía un unha vez e outra, o outro. E ían comigo porque despois... non foi só ir a Carballedo. Despois fomos alá a... chámase o Libramento, a Valongo, e atravesabamos aí pola Graña o monte todo pero aquilo... Hoxe hai estrada pero daquela... era o camiño até o último da Graña pero xa tiñamos que subir todo, todo, todo, todo aquel monte. E cando íamos e atopabamos os poldros mortos dos lobos, mortos... un cacho deles ou metade! Eu aquilo estremeciame o sangue. Nós nunca, nunca...non nos apareceu ningún”. [María Santomé Torres, Mourente].

A viaxe de ida era algo máis doada pois, aproveitando que a burra que levaban ía sen carga, facían quendas para subir nela. Á volta, ao vir a burra cargada cos queixos, tiñan que facer todo o camiño a andar. Con todo, contar coa axuda da



burra foi para elas un grande alivio. Antes de xuntar o necesario para comprala, o transporte dos queixos facíase cunha cesta que poñían enriba da cabeza. Naquela altura non había plásticos para lle poñer por baixo e, na súa ausencia, botaban serradura, que facía a función de absorber o soro que desprendían os queixos. A dificultade disto residía en que, ao pingar e ser absorbido o líquido pola serradura, a carga era maior, o que implicaba que o peso aumentaba e iso uníase ao cansazo da viaxe.

Ademais da compañía do seu irmán, o habitual era que todas as mulleres que ían buscar queixos a esa zona se encontrasen nalgún punto do camiño, facendo grupos conforme pasaban polos diferentes lugares da ruta: Bora, Xeve... No lugar de destino separábanse para que cada unha fose recoller os seus queixos e despois, para facilitar o reencontro, establecían un sistema de marcas co que se comunicaban entre si. Normalmente, a viaxe de regreso era unha viaxe pesada pola carga que traían e, con frecuencia, as burras non podían estar moito tempo paradas á espera do grupo, polo que tiñan que ir andando aos poucos e irse reunindo conforme avanzaban no camiño:

“sempre a que viña diante... faciamos unha cruz para saber a que viña diante e logo xa viñamos andando porque a burra parada cargada tamén... podía parar un pouco pero o animal... e logo xa nos íamos collendo, unhas ás outras. Víñamos moitas. E estas de Xeve que andaban ao millo... andaban ao que podían!”. [María Santomé Torres, Mourente].

Como ao estraperlo, unha actividade frecuente que enchía os montes de persoas a transportar mercadorías coas que podían complementar os escasos recursos de que dispoñían. O monte, cos seus recunchos e lugares agochados, convertíase en refuxio habitual para evitar a vixilancia.

Polo xeral, nas relacións nadas neste contexto predominaba o compañeirismo e a alegría pero non ían moito máis alá, pois estas encontros eran exclusivos do camiño e era raro verse fóra. A pesar da dureza dos traballos, Maruja garda moi boas lembranzas desa época e da xente coa que compartía o traxecto.

No medio de toda esta actividade, Maruja e moitas das nenas da súa idade apenas tiñan oportunidade de ir á escola. Ela, aínda podendo ir, encontrou unha mestra da que apenas aprendía nada e que aproveitaba para mandar as nenas á auga e a facer recados e pouco se dedicaba a ensinar. E é que naquela época o traballo non faltaba e as nenas asumían parte das responsabilidades da casa desde unha idade ben temperá. Outra das tarefas que realizaban con frecuencia era a de levarlle a comida aos pais, irmáns ou familiares (normalmente homes) que traballaban fóra da casa, normalmente na cidade. Todos os días desprazábanse a pé até Pontevedra e xa comían cos seus familiares. Tamén



aproveitaban a viaxe para ir á praza buscar peixe e despois subían de volta a andar.

Non era este o único traballo que facían de pequenas; tamén traballaban nas veigas, levaban as vacas a pastar, ían apañar herba, á leña (para cocer no forno, para a cociña...) e ao toxo, partían a leña...

Xa de adulta, Maruja seguiu a vender os queixos en feiras e tamén na praza, en Pontevedra, onde tiña un posto herdado xa de súa nai. O seu era un posto fixo, polo que tiña que pagar un alugueiro e tamén a cota de autónomos conforme desenvolvía esta actividade profesional.

Nesta época xa non recollía os queixos a pé en Carballedo; coa chegada do automóbil abríronse novas posibilidades de negocio e Arzúa foi o destino escollido inicialmente para se facer coa mercadoría. Alí compráballe os queixos a unhas revendedoras, que se dedicaban a vender os queixos que lle mercaban a diferentes mulleres do concello. Dunha volta déronse conta de que estas revendedoras ás veces lles facían trampas e que poñían discretamente o dedo sobre a balanza para que pesase máis e, por tanto, cobrar máis. Como consecuencia, decidiron entre ela e o seu marido, que a acompañaba, cambiar de provedoras e decantáronse pola zona de Ordes. Compraron unhas pesas romanas para pesar os queixos, que se compraban e vendían por quilo, e mantivo o seu oficio até a xubilación. Decidiuse a retirarse cando a praza de abastos se instalou temporalmente no recinto por causa das obras realizadas no edificio. Aí xa o seu home estaba xubilado e tiña que levala e ía buscar. Facíasele moito e decidiron que se xubilara. Ela, con todo, confesa xa tiña ganas.